



## ORDE CIRCULAR 1/2013 SOBRE INSTRUÇÓNS DE REDACCIÓN DE PROXECTOS

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto (publicado no Diario Oficial de Galicia nº 163, do 26 de agosto de 2011) resérvalle a aquela, na letra h do seu artigo 7, a competencia para a redacción de estudos, anteproxectos ou proxectos de infraestruturas e, en concreto, de estradas, de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Debido ao grande número de estudos e proxectos que, en desenvolvemento da dita competencia, redacta continuamente esta Axencia Galega de Infraestruturas, directamente ou a través de contrato, encomenda ou convenio, resulta conveniente establecer unhas directrices básicas que, salvagardando o indicado tanto na normativa técnica básica de interese xeral establecida pola Administración Xeral do Estado como as normas e instrucións complementarias ditadas pola consellaría competente en materia de estradas, regulen as condicións de edición e os documentos a incluír en cada tipo de estudio ou proxecto, así como o contido dos ditos documentos.

En consecuencia, considérase conveniente establecer unha serie de instrucións para a redacción dos estudos e proxectos promovidos por esta Axencia Galega de Infraestruturas. Por outra parte, debido á necesidade de manter continuamente actualizadas as anteditas instrucións, considerase conveniente habilitar á ÁREA de Planificación e Programación desta Axencia Galega de Infraestruturas para levala a cabo.

Por todo isto é polo que, a proposta da ÁREA de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas,

### DISPOÑO

#### Artigo 1. Artigo único.

1. Apróbanse as Instruccións de Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas, que se insiren a continuación, e que estarán a disposición da cidadanía na paxina web da consellaría competente en materia de estradas.

2. Os estudos e proxectos promovidos pola Axencia Galega de Infraestruturas redactaranse segundo o indicado nas Instruccións de Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas.

A esos efectos, nos Pregos de Prescripcións Técnicas dos contratos de servizo para a redacción de estudos ou proxectos promovidos pola Axencia Galega de Infraestruturas, incluirase a obriga de seguir o indicado por elas.





3. O indicado tanto na normativa técnica básica de interese xeral establecida pola Administración Xeral do Estado como as normas e instrucións complementarias ditadas pola consellería competente en materia de estradas, prevalecerá, en caso de conflito, sobre os preceptos das Instruccións de Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas.

*Disposición derogatoria única. Cláusula derogatoria.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se oponan á presente Orde Circular.

*Disposición final primeira. Habilitación para a revisión e actualización.*

Encoméndaselle á Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas a revisión periódica das Instruccións de Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas, para a súa actualización permanente.

*Disposición final segunda. Entrada en vigor.*

Esta Orde Circular entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014.

Santiago de Compostela, a 26 de decembro de 2013

O directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethele María Vázquez Mourelle

